# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2019-2020

## ÍNDICE


**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

**4. Información e publicidade.**

**5. ANEXOS**

**- Área de lingua inglesa**

**-Área de Música**

**-Área de Educación Física**

**-Área de Relixión Moral e Católica**

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **CIENCIAS DA NATUREZA** | B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. |
| | | CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. |
| | B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. |
| | B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. |
| | B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. |
| | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.<br><br>CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **CIENCIAS SOCIAIS** | B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. |
| | | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. |
| | | CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. |
| | B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. |
| | | CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. |
| | B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. | CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. |
| | B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. | CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. |
| | B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lua no sistema solar, explicando as suas caracteristicas, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. | CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translacion terrestre, o eixe do xiro e os polos xeograficos, asocia as estacions do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. |
| | | CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. |
| | | CSB2.3.3.Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. |
| | B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. | CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. |
| | B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. | CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. |
| | | CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **CIENCIAS SOCIAIS** | B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España | CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. |
| | B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. |
| | | CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. |
| | B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. | CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. |
| | | CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. |
| | B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta. | CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. |
| | B3.2.Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. | CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. |
| | | CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. |
| | B3.3.Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. | CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. |
| | B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. | CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. |
| | | CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. |
| | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | CSB3.6.1.Describe os principais rasgos da poboación española. |
| | | CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. |
| | B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española. | CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país. |
| | | CSB3.7.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **MATEMÁTICAS** | B1.2 Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver. | MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso. |
| | B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. | MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. |
| | B1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. | MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. |
| | B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras. | MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes. |
| | B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). | MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. |
| | | MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| | B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| | | MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros. |
| | B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operación, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes. |
| | | MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. |
| | B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. | MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. |
| | | MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **MATEMÁTICAS** | | MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. |
| | B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado. | MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. |
| | | MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais. |
| | B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. |
| | | MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. |
| | | MTB2.6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar. |
| | | MTB2.6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado. |
| | | MTB2.6.5. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. |
| | | MTB2.6.6. Calcula o mcm e o mcd. |
| | | MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras. |
| | B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. |
| | | MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | EESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso | LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. |
| | | LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas. |
| | B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada. | LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social. |
| | | LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. |
| | B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura). | LCB2.2.1. Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema, axudándose deles para acceder máis doadamente ao contido dun texto. |
| | | LCB2.2.3. Identifica as palabras clave dun texto. |
| | | LCB2.2.4. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións e esquemas que o acompañan. |
| | | LCB2.2.6. Interpreta mapas conceptuais sinxelos. |
| | B2.3. Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa. | LCB2.3.1. Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos. |
| | | LCB2.3.2. Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal. |
| | B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. | LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. |
| | B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. | LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... |
| | | LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. |
| | | LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero. |
| | | LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza. |

| | | |
|---|---|---|
| | B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas. | LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. |
| | | LCB3.3.3. Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais. |
| | | LCB3.3.4. Redacta o texto e revísao para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito. |
| | | LCB3.3.5. Amosa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal. |
| | B3.4. Utilizar de xeito autónomo o dicionario. | LCB3.4.1. Utiliza habitualmente o dicionario,en diferentes soportes, no proceso de escritura. |
| | B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos. | LCB3.6.1. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. |
| | B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas |
| | B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. |
| | | LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos. |
| | | LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. |
| | B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. |
| | | LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. |
| | | LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. |

| | | |
|---|---|---|
| | | LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. |
| | B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas. |
| | B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír un discurso sinxelo nos diferentes tipos de producións. |
| | | LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. |
| | | LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. |
| | | LCB4.4.4. Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas. |
| | | LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia. |
| | | LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. |
| | B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe. |
| | B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal. | LCB5.1.1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |
| | B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais. | LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
| --- | --- | --- |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes. | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. |
| | | LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). |
| | | LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. |
| | | LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. |
| | B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña. |
| | B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. | LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. |
| | | LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. |
| | | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. |
| | B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo. | LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. |
| | | LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade. |
| | | LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. |
| | B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura. | LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas. |
| | B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións. |
| | | LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| | | LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). |
| | | LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. |
| | | LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores. |
| | | LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos. |
| | B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións |
| | | LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos. |
| | | LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. |
| | | LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado. |
| | B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. | LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas. |
| | | LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo. |
| | B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. |
| | | LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía. |
| | B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa. | LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa. |
| | B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. | LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado… en calquera soporte. |
| | B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. |
| | | LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| | | persoais e non persoais dos verbos. |
| | | LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. |
| | B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. |
| | | LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x. |
| | B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. | LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados. |
| | | LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. |
| | | LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono. |
| | B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica. |
| | | LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras. |
| | | LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas. |
| | B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. | LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. |
| | B5.1 Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. | LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral |
| | | LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. |
| | B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes. | LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
| --- | --- | --- |
| **EDUCACIÓN ARTÍSTICA**<br><br>**(EDUCACIÓN PLÁSTICA)** | B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos. | EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas |
| | | EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá. |
| | B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.) | EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. |
| | | EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. |
| | B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais. | EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais. |
| | B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación. | EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. |
| | | EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. |
| | | EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. |
| | B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. | EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. |

| ÁREA | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| **VALORES SOCIAIS E CIVICOS** | B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal. | VSCB1.1.1. Actúa de forma respectable e digna. |
| | B1.2. Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva. | VSCB1.2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos. |
| | B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación. |
| | B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas. |
| | | VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas. |
| | B1.6. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | VSCB1.6.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética. |
| | B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | VSCB2.1.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións. |
| | B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | VSCB2.7.1.Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. |
| | B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto. | VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio. |
| | | VSCB3.13.2. Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados. |
| | | VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. |
| | B3.14. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros. | VSCB3.14.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. |
| | | VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías. |
| | B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación. | VSCB3.5.1. Razoa o sentido da responsabilidade social e da xustiza social. |
| | | VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias. |

*Os criterios de avaliación das diferentes materias foron seleccionados atendendo ás actividades de recuperación, repaso e reforzo que se levarán a cabo durante o terceiro trimestre. Correspóndense cos bloques de contidos, recollidos no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, traballados durante o primeiro e o segundo trimestre en cada área. Polo tanto, o desenvolvemento das actividades e tarefas do terceiro trimestre estarán encamiñadas ao repaso e reforzo do traballado durante os dous primeiros trimestres do curso escolar, intentando ademais fomentar as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:** A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices establecidas nas Instrucións do 27 de abril do 2020. Polo tanto, teranse en conta a 1ª e 2ª avaliación así como as actividades achegadas polo alumnado de maneira telemática durante o terceiro trimestre, que só se valorarán de xeito positivo e favorecerán a cualificación final do alumno. |
| | **Instrumentos:** Os instrumentos de avaliación consistirán nun seguimento das actividades propostas. Combínanse actividades que o alumnado deberá entregar á mestra para a súa corrección e valoración e outras de auto-corrección, onde se lle proporciona ao alumnado as correccións dos exercicios realizados (favorecendo así a súa autonomía na auto-corrección). |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso:**<br>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as cualificacións obtidas durante todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes imprescindibles, previamente definidas.<br>A cualificación final de cada materia será a media das cualificacións obtidas na primeira e na segunda avaliación, xunto coa valoración positiva do traballo realizado polo alumnado durante o terceiro trimestre, que en todo caso, este sempre beneficiará ao alumno. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, |
|---|

| ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ **Actividades de recuperación:** realizaranse por cada materia, ao alumnado cuxas cualificacións da 1ª e 2ª avaliación sexan negativas. Serán actividades relacionadas cos contidos traballados en ambos trimestres.<br>▪ **Actividades de repaso e reforzo:** engloban a maioría das actividades que se levarán a cabo durante o terceiro trimestre. De elaboración propia ou utilizando outros recursos dispoñibles. Teñen como fin reforzar e afianzar os contidos traballados no 1ºe 2º trimestre.<br>▪ **Actividades de ampliación:** de ser o caso, sempre e cando só requiran a mínima intervención do docente. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | Emprégase o **correo electrónico** como base para a comunicación coas familias. Semanalmente (cada venres) envíase o plan de traballo para a seguinte semana, xunto coas correccións das actividades realizadas durante esa semana, así como todo o material necesario para o desenvolvemento do plan de traballo.<br>O plan de traballo inclúe, na súa maioría, actividades para que o alumno resolva en formato papel e o poida realizar no seu caderno (pois non todas as familias teñen acceso á impresión dos documentos) pero tamén actividades puntuais para traballar de maneira online ou interactivas. Realizaranse ademais actividades dinámicas ou de tipo manipulativo.<br>En todo caso, a realización das tarefas por parte do alumnado será flexible, adaptándose sempre as circunstancias de cada familia.<br><br>O alumnado enviará  os seus traballos e as súas dúbidas a través do correo electrónico, que serán atendidas, na medida do posible, respectando o horario habitual do centro.<br><br>Créase tamén, con motivo da suspensión das clases presenciais, un **blog de aula**, onde se propoñen actividades globalizadoras e interdisciplinares, para complementar o traballo curricular e favorecer o desenvolvemento das competencias clave. As actividades recollidas no blog non son obrigatorias, pois tense en conta que non todo o alumnado presenta as mesmas condición de conectividade. |

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | ✓ Páxina web do centro<br>http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasasnovoa/<br>✓ Correo electrónico: *quintosionlla@hotmail.com*<br>✓ Blog de aula:<br>"@s de quinto da Sionlla" (https://quintoasionlla.blogspot.com)<br>✓ Contacto telefónico a través do centro (de ser necesario). |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Informarase ao alumnado e ás familias a través da web do centro e do correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

**5. ANEXOS**

**ÁREA DE LINGUA INGLESA**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto | PLEB1.2.Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas dos eu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. |
| B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación. | PLEB2.4.Produce textos propios, sinxelos e breves utilizando distintos soportes multimedia. |
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados cun léxico cotián de interese para o alumnado. | PLEB3.1.Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente. |
| B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral,e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2.Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística. |
| B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.4.Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. |
| B4.1. Elaborar textos sinxelos propios,compostos de frases simples illadas,utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas. | PLEB4.1.Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá. |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos. | PLEB4.2.Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. |
| B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades da plataforma dixital, realizar sinxelas presentacións e transmitir información | PLEB4.3.Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios |

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B5.2.Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. |
| B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física,afeccións... | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación. |
| B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa,1ª e 3ª persoa... | PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas. |
| B5.9. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, así mesmo/a ou a outra persoa. | PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar. |
| B5.12. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e.enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then, but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos. | PLEB5.12.Emprega rutinas lingüísticas coñecidas. |
| B5.13. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado. |
| B5.16.Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias. | PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | • Procedementos: A avaliación ten un carácter continuo, global e de diagnóstico, a do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no decreto, polo tanto terase en conta a 1º e 2º avaliación. O traballo realizado polo alumnado no terceiro trimestre só se terá en conta de xeito positivo, nunca será prexudicial ,sempre beneficioso para o alumno. |
| | Instrumentos: Observación e seguimento diario das tarefas realizadas polo alumnado. |
| **Cualificación final** | A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante este curso, considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles. |

| 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | **Actividades de recuperación, repaso e reforzo:** ao ser esta unha materia con avaliación continua, a maioría das actividades englóbanse en este apartado. Afianzarán e recuperarán os contidos traballados no 1ºe 2º trimestre.<br>**Actividades de ampliación:** de ser o caso, sempre e cando só |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Recollida de información a través das actividades realizadas na Plataforma Dixital Educativa, para alumnado con conectividade.<br>Recollida de información a través das actividades enviadas por correo electrónico para alumnado sin conectividade |
| **Materiais e recursos** | En este trimestre, a materia de inglés estase traballando , coa maioría do alumnado , a través da plataforma dixital BLINKLEARNING onde as tarefas poden ser autocorrexidas polo alumnado, aquelas actividades que eles non poden correxir , @s alumn@s escriben a resposta e envíanma por mensaxe a través da mesma plataforma ou por correo electrónico. |

| 4.Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Páxina web do centro<br>ceip.casas.novoa@edu.xunta.gal<br>Correo electrónico: *inglesasionlla@gmail.com*<br>Por mensaxe na plataforma dixital **Blinklearning** |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

## ÁREA DE MÚSICA

| 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE | | |
|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** | **Competencias Clave** |
| **B1.1.** Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | • **EMB1.1.1.** Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | • CECC<br>• CAA |
| **B1.5.** Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas | • **EMB1.5.1.** Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.<br>• **EMB1.5.2.** Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son | • CCEC<br>• CAA<br>• CCL |
| **B2.1.** Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. | • **EMB2.1.1.** Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.<br>• **EMB2.1.3.** Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | • CCEC<br>• CAA<br>• CSC |
| **B3.2.** Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo | • **EMB3.2.3.** Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | • CCEC |

* Cabe mencionar que algúns estándares fálase de ¨en grupo¨ e debemos ter en conta que, debido a situación actual, é inviable levalo a cabo de maneira grupal, polo que pasará a facerse de maneira individual (ou co apoio familiar). Débese ter en conta o valor grupal e de colaboración que ten a materia de música. Moitas das actividades resultan difíciles de desenvolver na distancia e de xeito telemático.

| 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN | |
|---|---|
| **AVALIACIÓN** | • **<u>Procedementos:</u>** A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no citado decreto, polo tanto terase en conta a 1º e 2º avaliación e de cara a avaliación final aquelas actividades achegadas polo alumnado telematicamente solo serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán prexudiciais para a avaliación. |
| | • **<u>Instrumentos:</u>** Os instrumentos de avaliación para a terceira avaliación, consistirán nuns seguimentos das actividades propostas que o alumnado enviará á mestra e que este corrixirá e devolverá polos medios axeitados para cada caso (ou ben empregará para facer presentacións/vídeos/montaxes, onde se amosen as tarefas entregadas).<br>Rexistro de actividades online realizadas, para valoración positiva. |
| **CUALIFICACIÓN FINAL** | • **<u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u>** A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.<br>Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado. |

| 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE<br>(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES** | • **<u>Actividades de recuperación:</u>** Non hai ningún alumno/a coa materia de música suspensa no curso, polo tanto non se deseñaron actividades de recuperación para o terceiro trimestre.<br>• **<u>Actividades de repaso e reforzo:</u>** A maioría das actividades deseñadas son actividades deste tipo extraídas ou deseñadas pola mestra para reforzar os contidos xa traballados durante o 1º e 2º trimestre:<br>♪ Percusión corporal.<br>♪ Partituras interactivas en frauta.<br>♪ Xogos de ritmo con instrumentos caseiros (vasos, culleres...)<br>♪ Interpretación de cancións e danzas.<br>♪ Construción de instrumentos con material de refugallo.<br>♪ Actividades interactivas repasando contidos vistos: pasapalabra, bingos, preguntas...<br>♪ etc. |

| | |
|---|---|
| | • **Actividades de ampliación:** Propoñerei este tipo de actividades sempre e cando e só se son demandadas polo alumnado a través das familias. |
| **METODOLOXÍA** | Para o desenvolvemento das actividades emprégase **o *blog* da aula de música**, xa activo dende o principio de curso.<br>Nel explicaranse as tarefas para todo o alumnado do centro, a través de vídeos explicativos, presentacións e instrucións claras para o seu desenvolvemento. O alumnado poderá participar a través dos comentarios de cada entrada do *blog*.<br>Tamén se empregará **o e-mail da aula de música** para a entrega voluntaria dos traballos que alí se propoñen, así como para a comunicación e resolución de dúbidas que as familias e o alumnado poida ter. Así mesmo, levarase a cabo un *feedback* da mestra coas familias, aportándolles apoio. A música pretende liberar do estrés, ademais de ser unha fonte inesgotable de aprendizaxes (non só musicais), o obxectivo fundamental debe ser desfrutar con ela.<br>Así mesmo propoñeranse **actividades en formato papel**. |
| **MATERIAIS E RECURSOS** | ♪ Páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasasnovoa/<br>♪ Correo da aula de música: *asionllamusical@gmail.com*<br>♪ Blog de aula: https://asionllamusical.blogspot.com/<br>♪ Contacto telefónico desde o centro (en caso necesario) |

| **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE** | |
|---|---|
| **INFORMACIÓN AO ALUMNADO E FAMILIAS** | Correo<br>*Blog*<br>Contacto telefónico (en casos excepcionais) |
| **PUBLICIDADE** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

**EDUCACIÓN FÍSICA**

1.- ESTANDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS:

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>k | B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).<br>B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.<br>B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. | B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. | EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. | CSIEE<br>CAA |
| | | | EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). | CSC<br>CAA<br>CMCT |
| | | | EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CSIEE<br>CMCT |
| | | | EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| k | B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do | B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e | EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas | CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | desenvolvemento psicobiolóxico. | dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. | orientadas á saúde. | CSC |
| | | | EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo. | CAA<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | CAA<br>CSIEE<br>CSC |
| | | | EFB.2.4 Identifica o seu nivel coparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade. | CAA<br>CMCCT<br>CSC |
| k | B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade<br>B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. | B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. | EFB5.3.1. Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CMCCT |

| 2. Avaliación e cualificación | | |
|---|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no citado decreto,. farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres | |
| | Instrumentos: como a avaliación é continua, e de non haber clases presenciais, teranse en consideración o recollido durante os dous primeiros trimestres, xa que a terceira avaliación só terá carácter diagnóstico. | |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.<br>Realizarase sobre as cualificacións obtidas nos dous primeiros trimestres; o terceiro só melloraría a cualificación do alumnado. | |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades que se lle propondrán ao alumnado (todos superaron os obxectivos dos dous primeiros trimestres) estarán relacionadas cos contidos do Bloque “Actividade física e saúde”, pola súa transversalidade con outras materias.<br>Non se propoñen actividade específicas da materia “Educación Física”. Non hai ningún alumno/a coa materia suspensa.<br>De incorporarse o alumnado retomariamos “Xogos e deportes de equipo”. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | O alumnado está a empregar o e-mail e a páxina Web do Centro , propondránselle vídeos, fichas, relacionadas coa actividade física e a saúde de forma específica ou dentro da materia de “C. Naturais”. |
| **Materiais e recursos** | Páxina Web do Centro, Correo electrónico da titoría, contacto telefónico. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Correo electrónico.<br>Teléfono.<br>Abalar móbil |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

**RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Recoñecer os propios cambios físicos e o seu crecemento interior.<br>Saber que o home ten espírito, intelixencia, vontade libre e conciencia.<br>Recoñecer que o desexo de Deus está inscrito no corazón do home.<br>Coñecer o sentido da vida na persoa crente. | Sabe valorar no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus.<br>Coñece e valora a súa forma de ser. |
| Recoñecer que Deus Creador manifféstase na Escritura e chama as cousas á existencia.<br>Explicar que a vida e a Creación toda é un agasallo de Deus que ama.<br>Identificar actitudes e propoñer accións para continuar a Creación.<br>Describir símbolos e xestos propios da celebración do Bautismo | Sabe que Deus é creador e o fai por amor.<br>Sabe valorar no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus.<br>Comprender a necesidade de coidar, conservar e continuar a Creación |
| Recoñecer que o ser humano ten a capacidade de tomar decisións libremente de forma intelixente e con responsabilidade sobre os seus actos.<br>Razoar o valor da liberdade, da intelixencia e da responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo.<br>Recoñecer que Deus chama polo ser humano de xeito persoal e que este relaciónase con El a través da oración confiada.<br>Valorar as calidades dos demais como seres únicos | Sabe sintetizar os puntos esenciais da salvación do home realizada por Xesús.<br>Comprende os consellos de Xesús sobre a oración |
| Identificar o xudaísmo, o cristianismo e o islam como as grandes relixións monoteístas e nomear os seus trazos significativos.<br>Reflexionar sobre a resposta á pregunta « quen son?». | Respectar os valores das diferentes relixións e a súa contribución á cultura.<br>Reflexiona sobre a súa actitude ante as situacións que lle causan dor e en quen atopa forza |
| Nomear institucións da Igrexa que están ao servizo dos necesitados.<br>Identificar testemuños de vida cristiá relacionados con seguir a Xesús.<br>Amosar interese por tomar decisións responsables | Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais. |
| Reflexionar sobre o proceso de toma de decisións para distinguir o ben do mal e solucionar conflitos, coa axuda da conciencia e a vontade.<br>Valorar o amor de Deus que se manifesta en vencer o mal a forza do ben. | É capaz de recoñecer a necesidade de ser perdoado e de perdoar<br>Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben |

| | |
|---|---|
| Aprender a identificar e compartir a alegría<br>Ver en María un modelo de alegría, fe, atención, amor, aceptación e esperanza.<br>Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Xesús.<br>Sinalar elementos simbólicos en obras de arte sobre María | Comprende a importancia de contaxiar alegría<br>Coñece a vida de María e as súas actitudes de confianza, espera e alegría. |
| Relacionar o servizo e a atención ao próximo coa invitación amorosa de Xesús.<br>Saber recoñecer como Cristo actúa especialmente e perpetúa na Igrexa os seus actos salvadores a través do sacramento da Eucaristía<br>Razoar o valor da liberdade e da responsabilidade e saber aplicar o mandamento do Amor nas situacións cotiás. | Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.<br>Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Seguimento da avaliación continua individualizada.<br>Seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.<br>Valoración do esforzo realizado. |
| | Instrumentos:<br>Ferramentas Tics, correo electrónico rúbricas. |
| **Cualificación final** | Procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e, para subir nota, valorarase o traballo realizado nesta última avaliación, tendo en conta as dificultades xeradas por esta situación, os traballos realizados dos alumnos e o seu esforzo. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Observa o cadro da "Última Cea" de Leonardo da Vinci. Investiga sobre a súa obra, e despois responde ás preguntas propostas.<br><br>- Anota as ideas que se che ocorren para vivir sempre feliz.<br><br>.- Xesús tiña moitos amigos, 12 eran os seus amigos especiais. Pescuda e escribe os seus nomes.<br>.- Pensa cales son para ti as "vitaminas" ou accións que fortalecen a amizade. Nomea cinco ou máis.<br>.- Tamén hai accións que fan que unha amizade se rompa. Fai unha lista de accións que fan que unha amizade se rompa e outra de accións que fan que se recupere.<br>- Le unha breve biografía sobre Ricardo Carvalho Calero e resolve as actividades propostas.<br><br>- Localiza nesta sopa de letras o nome de sete países que teñen o portugués como idioma oficial.<br>- Resolve o encrucillado relacionado coa biografía de Carvalho Calero<br><br>- Nestes enlaces atoparas información sobre Ricardo Carvalho Calero e actividades interactivas para que disfruten un rato.<br>http://seminariogalan.org/<br>http://primaveradasletras.gal/<br><br>- Pensa na beleza de todo o que te rodea, a obra creada por Deus. Escribe accións que continúan a súa obra.<br>- Nomea accións das persoas que estragan a natureza.<br>- Di de que xeito podes ti contribuír ao coidado e a conservación da natureza.<br>- Reflexiona, pensa sobre unha persoa moi importante para ti, explica os motivos. Decide de que xeito lle podes dar as grazas por todo o que fai por ti. |

| | |
|---|---|
| | - Escríbelle unha carta de agradecemento por todo o que fai por ti.<br>- Colorea unha mandala da Virxe María.<br>- Le unha breve información sobre a súa vida e responde ás preguntas que se propoñen.<br>- Pensa nas persoas que son importantes para ti, a túa familia, os teus amigos e amigas... Nomeas e di as súas calidades positivas. Escribe tamén as túas.<br>- Fai unha lista coas cousas que te fan estar alegre. Entrevista a unha persoa alegre.<br>- Elabora un xornal das boas novas, poden ser reais ou podes escribir as novas que che gustarían a ti.<br>- Neste enlace podes atopar información e actividades interactivas que vos serven para repasar o traballado sobre as diferentes relixións do mundo.<br>http://recursos.cnice.mec.es/religiones/cas/index_alumno.htm<br>- Para repasar as distintas relixións do mundo, de Europa e os diferentes símbolos de cada unha delas.<br>http://educarconjesus.blogspot.com/2011/10/religiones-repasar-con-puzzles.html |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía aplicada supón unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso, de xeito que se avalíe o nivel do logro acadado, tendo en conta as circunstancias excepcionais deste curso. Traballase fundamentalmente a través da utilización de ferramentas Tic, de xeito que lles sexa útil ao alumno na busca de información ou na resolución das tarefas plantexadas procurando a integración na súa vida como ferramentas de construción e manipulación que forman parte da cultura e que hai que aprender a dominar e integrar. |
| **Materiais e recursos** | Ferramentas Tic, recursos dixitais. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través da comunicación coas titorías e por correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |